

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Servizos Económicos

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal 6

EDICTO

Aprobación definitiva do establecemento da taxa pola prestación do servizo público de subministro de auga potábel a domicilio, subministro de auga no polígono industrial de Sabón e outras actividades conexas a este servizo

O Concello Pleno, en sesión celebrada o pasado día 31 de xaneiro de 2019 aprobou provisoriamente a modificación da ordenanza fiscal n.º 6, que se expuso ao público mediante edicto no BOP, no Taboleiro e no diario La Voz de Galicia. Transcurrido o prazo de exposición, non se teñen presentado reclamacións. De conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se entende definitivamente adoptado o acordo e procede a inserción do texto íntegro no boletín oficial da provincia.

ORDENANZA FISCAL N.º 6: TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTÁBEL A DOMICILIO, SUBMINISTRO DE AUGA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN E OUTRAS ACTIVIDADES CONEXAS A ESTE SERVIZO

ARTIGO 1.-Fundamento e natureza.

No uso das potestades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTÁBEL A DOMICILIO, POLO SERVIZO DE AUGA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN E OUTRAS ACTIVIDADES CONEXAS A ESTE SERVIZO, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do devandito R.D. legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

ARTIGO 2.-Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación polo Concello de Arteixo do servizo público municipal de subministro de auga potábel a domicilio, calquera que sexa a modalidade de réxime de xestión (directa ou indirecta), concretado nas seguintes prestacións:

- Primeira contratación do servizo, cambios de titularidade e reenganches por precinto do contador.
- Disponibilidade do servizo.
- Consumos de auga.
- Mantemento, e no seu caso, reposición de contadores.

2. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación no Polígono Industrial de Sabón do seguinte servizo:

a) Subministración de auga para usos industriais, e polo tanto, non potabilizada nen tratada previamente para usos domésticos e consumos de boca; sendo por conta e cargo da empresa este proceso, se o considerase oportuno, mesmo nos supostos de que a actividade industrial precisase o tratamento previo de potabilización por razón do tipo de producións.

3. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación polo Concello de Arteixo do Servizo Público de obras de acometida a rede de abastecemento de auga, concretando nas seguintes prestacións:

- Conexión abastecemento.
- Tube abastecemento.
- Excavacións e recheos.
- Levantamento e reposición de pavimentos.

- e) Rexistros.
- f) Traballos especiais.
- g) Contadores.

ARTIGO 3.-Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, no concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e artigo 23 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que soliciten, resulten beneficiadas ou sexan usuarias dos servizos descritos no artigo 2 da presente ordenanza.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes das vivendas ou locais, os propietarios de ditos inmóbeis, que poderán repercutir, se é o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4.-Responsábeis.

1. Serán responsábeis solidarios da débeda tributaria as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsábeis subsidiarios da débeda tributaria as persoas e entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 5.-Tarifas.

Se determinan as seguintes contías que constitúen a base imponible, que se incrementarán, no seu caso, co ive vixente ven cada momento:

1. Tramitación administrativa.

- a) Primeira contratación do servizo de augas 45,3111 €
- b) Cambio de titularidade 9,0623 €
- c) Reenganche por precinto do contador 45,3111 €

2. Abastecemento de auga.

2.1. Consumos domésticos:

- a) Cota trimestral de dispoñibilidade do servizo 10,3569 €
- b) Cota trimestral de mantemento e reposición de contadores 1,2946 €
- c) Consumo menor ou igual a 25 m³ 0,14328 €/m³
- d) Consumos superiores a 25 m³ ata 45 m³ 0,4771 €/m³
- e) Consumos superiores a 45 m³ ata 90 m³ 0,8416 €/m³
- f) Consumos superiores a 90 m³ 1,1651 €/m³

2.2. "Consumos non domésticos":

- a) Cota trimestral de dispoñibilidade do servizo 11,6515 €
- b) Cota trimestral de mantemento e reposición de contadores 2,5894 €
- c) Consumo menor ou igual a 25 m³ 0,7754 €/m³
- d) Consumos superiores a 25 m³ ata 45 m³ 0,7754€/m³
- e) Consumos superiores a 45 m³ ata 90 m³ 0,8416 €/m³
- f) Consumos superiores a 90 m³ ata 600 m³ 0,8416 €/m³
- g) Consumos superiores a 600 m³..... 0,7118€/m³

Para os supostos nos que o volume total de auga consumida durante o trimestre sexa menor ou igual a 25 m³, seranlles de aplicación as tarifas previstas para os consumos domésticos, a excepción da cota trimestral de mantemento e reposición de contadores, que será a establecida na alínea 2.2.b) do presente precepto.

2.3. Venda de auga en alta:

- a) Cota trimestral de dispoñibilidade do servizo 11,6515 €

b) Cota trimestral de mantemento e reposición de contadores 2,5894 €

c) Consumos 0,5827 €/m³

2.4. Subministro de auga no Polígono Industrial de Sabón:

Por cada metro cúbico de auga subministrada, medidos por contador ou estimados na forma disposta no Regulamento do Servizo, pagaránse 0,295 €. Fíxase o mínimo de percepción en 26,55 € ao trimestre, con dereito a recibir 90 m³ de auga en igual período

3. Acometida á rede xeral de abastecemento de auga.

Para elaboración do presuposto das acometidas as redes de abastecimento, tense en conta os seguintes criterios:

a) Que, con carácter xeral, as medicións se efectúen desde o eixe da vía pola que transcurra o servizo ao que se vai a conectar, hasta o límite da finca a que vai destinado o servizo.

b) Que, no caso das acometidas para fincas que se encontran situadas no solo urbano ou de núcleo rural, do vixente planeamiento municipal, onde a rede viaria conte coa debida sinalización de alineacións e rasantes, as medicións levaranse a cabo do seguinte xeito:

- Cando o inmovible se encontre dentro da alineación, dende a rede ata dita alineación.
- Cando o inmovible se encontre fóra de alineación, dende a rede ata ol límite da finca.

3.1. Importes a aboar por obras de acometida a rede de abastecemento de auga:

1.-CONEXIÓNS ABASTECIMENTO		
Conexión a rede de abastecemento existente da acometida, totalmente instalada e probada, incluíndo tapa de rexistro, excavación e recheo, sen incluír a levantamento e reposición da pavimentación		
REDE DISTRIBUCIÓN	RAMAL CONEXIÓN	IMPORTE
63	32	242,45 €
63	40	276,40 €
63	50	326,48 €
75	32	248,68 €
75	40	283,00 €
75	50	332,34 €
75	63	431,29 €
90	32	254,57 €
90	40	288,75 €
90	50	338,23 €
90	63	434,80 €
90	75	587,66 €
110	32	260,15 €
110	40	295,15 €
110	50	344,09 €
110	63	440,50 €
110	75	593,37 €
110	90	833,57 €

125	32	284,42 €
125	40	333,06 €
125	50	380,76 €
125	63	478,21 €
125	75	631,07 €
125	90	871,27 €
140	32	308,36 €
140	40	340,32 €
140	50	388,02 €
140	63	482,98 €
140	75	635,84 €
140	90	876,04 €
160	32	318,53 €
160	40	350,49 €
160	50	398,19 €
160	63	493,14 €
160	75	646,00 €
160	90	886,20 €
200	32	346,19 €
200	40	380,57 €
200	50	430,60 €
200	63	528,72 €
200	75	698,55 €
200	90	938,75 €
2.-TUBO ABASTECIMIENTO		
M1 de suministro e colocación de tubo de polietileno, totalmente instalado e probado incluso excavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición da pavimentación		
32		14,59 €
40		16,13 €
50		18,54 €
63		22,42 €
75		26,92 €
90		33,46 €
3.-EXCAVACIÓNS E RECHEOS		
M3 de excavación en gabia con medios mecánicos, en terreo de tránsito, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, prodentes da excavación ou de empréstitos en ambos casos con áridos seleccionados (20-30 mm) sobre a clave de tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm, por tongadas de 15 cm de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes o vertedoiro		26,36 €
M3 de excavación en gabia con medios mecánicos en roca, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, prodentes da excavación ou de empréstitos en ambos casos con áridos seleccionados (20-30 mm) sobre a clave de tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm, por tongadas de 15 cm de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes o vertedoiro		64,20 €

4.-LEVANTAMENTO E REPOSICIÓN DE PAVIMENTACIÓNS	
M2 de levantamento e reposición de macadam con dous regos asfálticos de 7 kg de ligante ECR-2 con 0,300 m ³ de áridos, completamente rematada.	29,38 €
M2 de levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 kp/cm ² . de resistencia característica de vinte (20) cm de grosor, completamente rematado.	60,71 €
M2 De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 kp/cm ² . de resistencia característica de trinta (30) cm de grosor, completamente rematado.	70,37 €
M2 De levantamento e reposición de pavimentación de formigón de 150 Kp/cm ² de resistencia característica de 20 cm de grosor, completamente rematado.	37,66 €
M2 De levantamento e reposición de baldosa de terrazo en cores, na beirarrúa, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm ² . de resistencia característica de 10 cm de grosor, completamente rematado.	49,32 €
M2 De levantamento e reposición de baldosas de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm ² . De resistencia característica de 10 cm de grosor, completamente rematado.	40,46 €
M2 De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre area aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.	22,11 €
M2 De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm ² de resistencia característica de 20 cm de grosor aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.	60,40 €
M2 De levantamento e reposición de baldosa de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm ² . de resistencia característica y 20 cm de grosor, completamente rematado.	135,40 €
M2 De levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7 kg de ligante ECR-2, con 0,300 m ³ . de áridos, completamente rematado.	20,40 €
5.-REXISTROS	
Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m de profundidade, formado por soleira de formigon en masa de 125 Kg/cm ² . de resistencia característica, de 20 cm de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 kg/cm ² de resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventisada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantas ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.	670,34 €
Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m de profundidade, formado por soleira de formigon en masa de 125 Kg/cm ² . de resistencia característica, de 20 cm de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 kg/cm ² de resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventisada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantas ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.	753,16 €
Unidade de pozo de rexistro, sen areiro, de 1,00 m de diámetro ata 2,00 m de profundidade, formado por soleira de formigon en masa de 200 Kg/cm ² de resistencia característica, de 20 cm de grosor, arillos de formigón, tapa e arillo de fundición dúctil de calzada, incluso escavación, recheo e transporte de terras sobrantas ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, medida a unidade rematada.	538,71 €
Ud. De arqueta 50x50 realizada con módulo de formigón, tapa e cerco de fundición, totalmente rematada.	136,74 €
6.-TRABALLOS ESPECIAIS	
Ud de colocación de contador de ata 40 mm de diámetro, sen incluír o aparello, en reposición de subministración interrompido por fraude	65,10 €
Ud colocación de contador de ata 40 mm de diámetro, sen incluír o aparello, en reposición de subministración interrompido por falta de pago	34,80 €
Ud colocación e/ou precintado de contador de ata 40 mm de diámetro, sen incluír o aparello, en altas de subministración	22,62 €
Ud colocación e/ou precintado de contador maior de 40 mm de diámetro, sen incluír o aparello, en altas de subministración	34,80 €
Ud de reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude	130,18 €
7.-CONTADORES	
Ud. De contador de 13 mm	51,60 €
Ud. De contador de 15 mm	56,98 €
Ud. De contador de 20 mm	69,35 €
Ud. De contador de 25 mm	110,38 €
Ud. De contador de 30 mm	153,97 €

Ud. De contador de 40 mm		238,59 €
Ud. De contador de 50 mm		595,91 €
Ud. De contador de 65 mm		625,25 €
Ud. De contador de 80 mm		779,56 €
Ud. De contador de 100 mm		968,92 €
Ud. De contador de 150 mm		1.389,44 €
Ud. De contador combinado de 30-13 mm		650,35 €
Ud. De contador combinado de 40-13 mm		819,89 €
Ud. De contador combinado de 50-15 mm		1.059,39 €
Ud. De contador combinado de 65-20 mm		1.308,13 €
Ud. De contador combinado de 80-25 mm		1.723,41 €
Ud. De contador combinado de 100-25 mm		2.264,41 €
Ud. De contador combinado de 150-40 mm		3.208,65 €
8.-AUTORIZACIÓNS E INFORMES SECTORIAIS NECESARIOS PARA A AUTORIZACIÓN DA ACOMETIDA		O custo das autorizacións e informes serán por conta e cargo dos administrados. A contía será a derivada da liquidación xirada pola Administración competente.

3.2. Que as acometidas que se soliciten durante a execución de obras de nova implantación dos servizos de abastecimento, ou de substitución das conductiones existentes, tributarán polo 90% da base imponible indicada no cuadro que precede. Esta circunstancia será supervisada polo servizo municipal xestor.

4. A efectos da presente ordenanza, a definición dos usos do auga será a establecida no Regulamento municipal de abastecemento de auga do Concello de Arteixo.

ARTIGO 6.-Beneficios fiscais.

1. Os suxeitos pasivos que teñan recoñecido pola Xunta de Galicia o dereito ao cobramento da renda de inclusión social (RISGA), consonte á lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, terán dereito ao recoñecemento dunha bonificación do 100% na cota tributaria da taxa. O recoñecemento deste beneficio fiscal realizarase, trimestralmente, por Resolución do órgano municipal competente á vista das resolucións administrativas ditadas pola Consellería da Xunta de Galicia competente na materia que, ou ben sexan achegadas polos propios suxeitos pasivos, ou ben sexan notificadas directamente ao Concello de Arteixo por parte da Administración Autónoma”.

2. Para os consumos iguais ou inferiores a 25 m³, cuxos usuarios teñan unha renda per cápita inferior ao IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples, aprobada polo Real Decreto Lei 3/2004, do 25 de xuño), e a teor do sinalado no artigo 24.4 do texto refundido da Lei das facendas locais, terán unha redución do 50 % da cota tributaria.

3. Os suxeitos pasivos que teñan recoñecida polo organismo autonómico competente, a dedución na cota íntegra do canon do auga ó abeiro do disposto no art. 24.2 do Decreto 36/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Canon do auga e do coeficiente de verteduras a sistemas públicos de depuración de augas residuais, por pertencer a unha unidade familiar que teña a condición de familia numerosa, terán dereito a unha redución na cota da taxa tributaria do 50%.

O recoñecemento desta redución realizarase por Resolución do órgano municipal competente á vista das comunicacións realizadas pola entidade “Augas de Galicia” a este Concello, relativas ao concepto referido no parágrafo anterior.

4. As reducións descritas nos apartados 2 e 3 non resultarán compatibles entre sí, polo que únicamente poderá aplicarse unha delas, nas liquidacións correspondentes a suxeitos pasivos que reúnan os os requisitos esixidos en ámbolos dous casos”.

ARTIGO 7.-Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase, con carácter trimestral, no feito impoñíbel definido no artigo 2.1 e 2.2, pola aplicación das seguintes regras:

- a) A cota tributaria, no feito impoñíbel definido no artigo 2.1.a), serán as que figuran estipuladas na tarifa correspondente.
- b) A cota tributaria, no feito impoñíbel definido no artigo 2.1.b) e 2.1.d), serán as que figuran establecidas nas tarifas correspondentes.
- c) A cota tributaria, no feito impoñíbel definido no artigo 2.1.c) e 2.2. a) calcularase segundo a operación de multiplicar o número dos metros cúbicos consumidos pola tarifa establecida.

A cota tributaria referente ao feito impoñíbel definido no artigo 2.3 serán as que figuran estipuladas nas tarifas correspondentes.

ARTIGO 8.-Devengo e período impositivo.

1. A taxa devengarase:

- a) Nos supostos de alta nova, desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, previa a correspondente solicitude ou desde que se utilice este sen ter obtido a previa licenza ou autorización.
- b) Para os supostos xa incluídos en padróns ou listaxes cobratorias, a taxa devengarase no primeiro día do período impositivo, liquidándose trimestralmente.
- c) No suposto contemplado no artigo 2.1.a) e 2.3 a taxa devengarase no momento de formular a correspondente solicitude ou ben desde que calquera das actividades descritas se tivera realizado sen formular a solicitude ou ter obtido a preceptiva autorización.

2. O período impositivo coincidirá co ano natural.

ARTIGO 9.-Xestión, liquidación e recadación.

1. A xestión, liquidación e recadación da presente taxa poderá realizarse en xestión directa, polo propio concello, ou en xestión indirecta, segundo se esté a prestar o servizo dunha forma u outra.

2. Con periodicidade trimestral, e unha vez obtida a lectura dos contadores, ou por estimación segundo o estipulado no Regulamento do Servizo, se elaborará un padrón ou listaxe cobratorio comprensivo das liquidacións por recibo referidos á prestación do servizo de subministro de auga no Concello de Arteixo.

3. Os referidos padróns serán aprobados, previa a fiscalización preceptiva da Intervención Municipal e expostos ao público por un período de 15 días. O prazo para formular o recurso de reposición será de un mes, contado desde o remate da exposición ao público, precisándose no acordo de aprobación, o prazo do período cobratorio, que nunca poderá ser inferior a dous meses, axustándose éste ás instrucións que se dicten pola Tesourería Municipal.

4. Será necesaria a notificación individual das altas ou baixas que se produzan nun trimestre con relación ao anterior.

5. O órgano competente para apremiar as liquidacións e recibos non satisfeitos en período voluntario será a Tesourería municipal.

6. Se no período de emisión das correspondentes liquidacións se constatase a existencia dunha fuga na rede interna de subministración do contribuínte e o volume facturado tivese unha consideración desproporcionada en virtude da dita fuga, se lle aplicará a tarifa correspondente ó volume medio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación.

Para estes efectos, terá a consideración de volume desproporcionado aquel volume facturado que sexa superior ao quintuplo do volume medio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación.

Que o contribuínte deberá adoptar as medidas necesarias para reparar a fuga dentro do prazo de dous meses contados dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia, do padrón ou listaxe cobratorio comprensivo das liquidacións das taxas ao que se refire o art. 9.2 desta ordenanza; o cálc, deberá ser debidamente acreditado mediante a presentación da factura de reparación, e do xustificante bancario ou de calquer outro medio que fehacientemente acredite o seu pagamento.

ARTIGO 10.-Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo a infraccións e a súa cualificación, así como as sancións que ás mesmas corresponda en cada caso, serán de aplicación os artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A presente modificación da ordenanza fiscal n.º 6, relativa á prestación de servizos no Polígono Industrial de Sabón, se aplicará dende a data de eficacia do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Arteixo para a cesión de infraestructuras, servizos e parcelas do Polígono Industrial de Sabón (PISA) e cando se inicie a prestación efectiva dese Servizo.

DISPOSICIÓN FINAL

A Ordenanza consta de 10 artigos, unha disposición transitoria e unha disposición final.

O presente texto refundido, e modificación aprobada polo órgano plenario o día 31.01.2019, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro do 2020.

Arteixo, a 28 de marzo de 2019.

Asina dixitalmente o alcalde, Carlos Calvelo Martinez

2019/2458